

“en ausencia”

por Óscar Souto Rodríguez

poemario en galego  
2008

soterreite viva  
e xa finaron as poesías  
-carentes de sentido-  
polo teu amor difuso  
do que xa non quedan alegrías ;

e ... se non es musa ,  
nin amiga ,  
nin amante....  
estás morta...  
e xa non existes.

amor falecido.

“ assenza “

ti.  
eu.  
ninguén,

residimos no ceo  
na tona do mundo  
desta verde escultura  
na xanela dos ollos.

morremos vivindo  
pasenijo  
asediados na loucura  
dese mirar cego  
dunha sinxela flor...  
fermosa e pura.

nesta terra das cores  
nai fachendosa  
da chaira encantada  
prado dos prados  
-fada-

corazón do mundo  
no chover das horas  
desta vila namorada  
que chora en orballo  
un mar de bágoas.

fogar dos poetas  
que navega na vida  
sobre o ar e o vento  
fuxindo dos tempos  
coa presa dun río  
i en agonía do mar!

postal de sangue  
fráxil  
eterna  
que me engaiolas apracíbel  
nesta ténue cruz silandeira  
que nos achega imparábel  
o verde océano lene  
perfecto  
verxel  
edén do amor.

Terra  
Verso  
Morte

residimos no ceo  
ardendo en latexos  
no lume bendito  
da fraga do tempo  
que nos afasta de ti...

Chaira  
Corazón  
Cor

chaira que latexa ebria de cor  
no corazón do mundo.

“Cuore del mondo”

neste mundo gris  
( sen poesía )  
sobrio e triste  
póusase en min a luz  
i escribo :

farto de alegría  
ebrio de versos  
neste abismo das horas  
verba tras verba  
máis alá das cores !

e nace do fin un comezo  
dende a quietude  
morte e vida  
rota xa ...  
a barreira do silenzo  
na dor da hipocresía.

abrázanme as dúbidas  
ríndose xocosamente  
neste non decir  
neste calar  
querendo falar  
sen idioma  
sen país ...  
morto !

“silenzio”

sons grabados no ar  
melodias do vento.

luscofusco de inverno  
música de gaitas  
da terra que baila  
no alalá do tempo...

sons grabados no ar  
melodias do vento.

aturuxo eterno  
pandeiro, pandeireta  
tambor e bombo  
musitando lenes  
con sentimento  
composicións escritas

na mente  
no espazo  
nesta tradición ...  
que nunca falece !

lembrazas de gaiteiro  
rebasando a vida e a morte  
en regueifas sinxelas  
máis alá de todo !

sons grabados no ar  
melodias do vento.

frauta rouca e celta  
- agasallo do ceo -  
que toca unha peza  
- ininterrompida -  
fráxil  
feiticeira  
neste .. verde mollado  
(orballo benquerido)  
choiba sen pasado  
sobre o meirande prado ...  
... que viron os ollos.

corcheas  
sonetos  
negritas ...  
resistindo no inferno  
sobre o vento e as nubes  
máis alá dos séculos  
máis alá do eterno  
e máis alá de todo !

sons grabados no ar  
melodias do vento.

osixeno dos foles  
bicando o mar e as serras  
co sentimento ...  
desta terra que baila  
o compás da vida  
... na música dos versos.

sons grabados no ar  
melodias do vento.

“suono”

cando fuxe a calor do corpo  
na friaxe dunha man postrada  
co último ofego  
fuxe tamén a vida :  
alma e verbo silenciados  
nesta mágoa sublime  
alén das palabras.

dor.  
dor dunha tarde calquera  
o carón dunha cama triste

nunha despedida calada  
sen verbo,  
sen lóxica.

inmensa ausencia infinita ...  
durísima e incomprendíbel.

sen ti,  
sen unha raiz,  
sen meu amigo, sen meu avó,  
sen a miña orixe na sangue e na luz  
debo maxinar me a min de novo e renacer da dor  
e aprender a vivir sen un pasado vivo. Buscándome outra vez  
na magoa ferinte e atróz dun longo futuro de ausencias e de bágoas.

sen verbo,  
sen lóxica.  
... e sen ti.

“ nonno-metáfora “

unha partida de strept-poker :  
beizo contra beizo contra beizo  
nun gorexar fausto  
vicioso  
nú.

nádegas perfectas  
nesta textura quente.

cóxegas na pel do lombo  
neste inferno de paixón  
desatada.

alma e mirada :  
desexo gorentoso  
de ollar curioso  
... que sorri.

este quérote sen quererte  
este amar sen amar  
solo por un intre  
intensísimo,  
imposible,  
curto...  
nú.

luxuria, ... pracer amable.  
ti,  
ela,  
aquejoutra  
todas vos, i eu ...  
enmarañadas na suor dunha alcoba de carne.

“poesia di fuoco”  
“La mujer escoge muchas veces  
al hombre que la ha de escoger a ella”  
Paul Le Févre, Paul Gerald (1885 - 1954), escritor francés

---

bico  
saraiba  
xogo.

son das estrelas  
en lontanía inorde  
do teu mirar fogoso  
- brilo feiticeiro -  
nun anaco de curva do reloxo...

pido perdón o vento  
ollando este ar curioso  
en verso-prosa  
- salaio tardío -  
deste mañá amando hoxes.

musitan as cancións melódicas  
sabores salgados  
con notas de cores calados  
no silenzo das letras.

e ti ...  
capricho ;  
do destiño,  
da vida,

desta ...  
.... a miña parrafada  
nun folio de luz ...  
es lareira dos latexos  
finita  
lene  
xocosa

...  
...  
...

... alén de tó dolos mirares !!

“ capriccio “

“El talento se nutre mejor en soledad”.  
Johann Wolfgang von Goethe (1749 - 1832), escritor alemán

---

un xardín de nubes vacilantes  
xorden da noite afogada.

luz cegadora da escuridade  
silandeira e amada.

concretos  
precisos instantes  
da vida na sorte  
nesta...  
dulce verdade.

morte do amor no amor  
que me anda a buscar  
-pasenño-  
en latexos presurosos  
afogados de dor.

corazón que fina  
no calor da pel sen a pel  
fria beizón abafante  
lonxe dun día calquera  
e , de súpeto ...  
... lonxe de ti !

“Battito”

“El hombre más fuerte es el que mejor resiste a la soledad”.  
Henrik Ibsen (1828 - 1906), dramaturgo noruego

---

nesta larga e dura...

-a túa ausencia-  
desatáronse en min as palabras  
melódicas i eternas  
coma unha música imparábel  
sonora  
fráxil  
eterna  
perfecta.

a vida derretida  
coma témpano de xeo  
fundida co minutario  
horfo de amor....  
... e horfo de ti !

...

“Assenza”

“Todo el placer de los días está en sus amaneceres”.  
François de Malherbe (1555 - 1628), escritor francés

---

nubes quedas  
flotando nun océano de ar  
alén das miradas  
no firmamento malva  
desta fronteira intanxíbel  
entre auga e vento.

postal meiga. Luscofusco  
na costa silandeira i eterna  
-paz inesgotábel-  
que envolve os poemas sinxelos  
en cóxegas de brisas na face.

frios de bágoas, de ledicia  
na tarde que morre  
diante de ti.

paseniña ausencia do sol ardente  
que vai fuxindo pausado

alén de todos nós  
nun adeus  
calmo  
nú.

...

“postale”

“Vivir sin raíces es vivir en el infierno”.  
Peter Abrams (n. 1919), escritor sudafricano.

---

e ... dudan as palabras  
confusas, orfas de verbo  
no solpor eterno e claro  
desta chaira fachendosa  
a carón deste inferno...

miles de coches silbando  
nun longo soño-pesadelo  
na noite aquela esquecida  
e triste. Prantura inmensa  
alén das verbas e das horas.

amigos da tebra inorde  
que me andan a chamar  
a esa timba de cartas  
no ar e no vento...

... soño derradeiro  
onde fita o silenzo:  
- eterno e apacíbel -  
no mar aquel ...  
... dos meus versos.

“tenebre”

---

“Pensad que hasta para ser dichoso hay que acostumbrarse”.  
André Chenier (1762 - 1794), militar y poeta francés

Un día enteiro rodeado dos teus beizos.

Unha tarde calquera nadando no mar.

Unha noite núa ... alén dos versos.

Amencer no silenzo más puro.

Un mundo enteiro axeonllado ante ti.

Todo partindo da quietude.

O sorriso dunha nena lene.

Unha folla en branco.

Un pequeño poema.

O esteiro calmo.

Ana Vanessa ... e mais eu”.

quietudine”

“no hay victoria si no se pone fin a la guerra”  
Michel Eyquen de Montaigne (1533-1540), escritor francés

---

o tempo,  
coma un río,  
corre presuroso cara o mar.

...  
contos dunha belliña  
o carón dunha cocíña de ferro.

domingo.  
un inverno calquera.  
historias grises  
dunha era finada  
xa fai cen anos daquela.

contos dunha república.  
un tempo sen reis.  
comer :  
un día si e dous non.

Mi Madre,  
Mi Padre,  
meus irmás...  
... e más eu.

estoupa a república,  
o pobo e a guerra.  
estoupa todo !  
aquela bágoa da belliña lémbroa ben.

campos de pampas nun ar perfecto.  
cadaleitos do este... nun cheiro a pólvora.  
minas de wolfram.  
morte e dor facendo o amor no palleiro.  
todos morren no conto.  
cen mil cabos de ano  
nun requiem eterno.

un entero por día.  
todos morren no conto...  
... agás a meniña ...  
que é a debandita belliña  
a carón dunha cocíña de ferro.

nun domingo.  
e nun inverno calquera.

“Preziosa”

a vida é un casting.  
unha vinganza de vinganzas.  
un cúmulo de mortes e de nacementos.  
un millón de amenceres.  
e nada remata co luscofusco.  
todo serve a todo. Un inmenso morrer  
para nacer novamente.  
si. Un poeta non é o corpo ;  
eu son o que escribo.  
un xigante furacán de estrofas e prumas  
sobre un ar violeta  
no paraiso das palabras.  
a vida ... é un casting !!!!

....

“Uragano”.  
“ En la naturaleza humana hay generalmente más del necio que del sabio. “ \* Francis Bacon ( 1561 - 1626 ), filósofo inglés.

---

Afogando na dor do esquecemento  
achei, un día, un pequeno país.  
foi ó nacer eu, inxenuo e nú,  
e florecín de súpeto ebrio de letras e recordos  
escabando no chan historias da terra

no altivo navegar da poesía.

...  
esa metáfora complexa e sinxela :  
ese decir sen decir dicindo !  
causa do destiño  
do tempo presuroso  
batendo minutos pasenxo.

Abrente do día na noite, o carón do luscofusco  
ceibando xeada na tona inerte da xanela  
o carón deste ar xélico de ausenzas  
- mar de casas baleiras -  
neste morrer, neste longo río de sons insonoros  
... durísimos e intragábel !

....

e ...  
... afogando na dor do esquecemento  
achei, un día, un pequeño país.

“ Mare di stupidità ”.

“ Las diversiones son la felicidad de aquellos que no saben pensar”.  
\* Alexander Pope ( 1688 - 1765 ) , poeta inglés.

---

no agromar alto  
da marea más viva daquel outono  
caeu sobre do azul no país das augas  
a desazón dunha brea negra e ponzoñenta.

... para o non esquezo leense con espellos  
sobre o papel aquel ... Egitserp innombrabel .

naquel silenzo de bagoas internas  
magoante ...  
non atopa conforto o desacougo  
e rompe o poeta filas ,  
sen palabras ,  
alistándose, coma un camicace , no exercito aquel dos feitos.

...  
loita da suor nas rochas o carón dos abismos nos caborcos  
a rentes da costa ferida de morte  
nesa fin do mundo , Arretsif azul ennegrecido  
desta ... nosa dura loita antes de comezar perdida .

...  
Aíxum salbando o insalbábel  
como eterno símbolo de loita inesquecível .  
cheiro do inferno sobre do mar :  
soldados brancos no país do vento  
terra humide magoada, auga i herba ,  
- orballo das promesas caendo no deserto -  
na loita eterna da desesperazón indescriptíbel .

...  
montes de esterco e brea carbónica ( mal-chamados galletitas )  
fican enmarañados en dor sublime  
nas lombas da virxe praia violada

- ultraxe sen adxectivos -  
cortándome tódolos desexos e ilusíóns .

nun intre, multiplico por cero o plan a, b e c ...  
nunha violación-metáfora que me  
cuspe veneno e carraxe  
no corazón mesmo dos sesos .  
estrela vermella da carraxe  
sobre unha banda vertical cor mar  
nun lenzo de olvidos e de algodón .

...  
e malamente lembro  
un tempo de horas sublimes  
onde, por un intre, alzou o bó o roiseñor  
e cantaron miudiño os fillos dos bardos  
aquei NUNCA MÁIS que se revela :  
- en regueifa xusta e inmortal -  
unha e outra e outra e outra vez  
dende aquela noite con sol ata o infindo ...  
... e ... más alá de nós !!!  
coma única estrofa posibel  
neste non decir de goxas anoadas  
en sabor a salitre na farinxе  
coma recital mudo de prantura e lembranzas  
tatarexado polos beizos do pobo do vento  
e da poesía !!!  
... nunca más !!! ... , ... , ...  
nunca más !!! ... , ... , ...  
nunca ... !!! , ... , ... , ...

“ Giammai !!!! ”.

“ Y la vida es uno mismo , y uno mismo son los otros “.  
Juan Carlos Onetti ( 1909 - 1994 ), escritor uruguayo.

---

ainda vexo aquel sol se pecho os ollos  
transpasar as follas dos carballos  
nese raio de ardora verde-fluorecente  
rebentar a xoven flor da miña desnortada hipocresía .  
e preferiría, abofé , non herdar endexamáis  
esas terras da morriña ;  
...  
e desexo nun flashbag que o minutario se deteña  
sen lume de horas, sen plumas de bagoas  
que arrasen todo duramente.

adoezo no recordo daqueles tempos antes do meu nome ,  
e xente , e seres , e lares ,  
e luces  
que nunca maxinei que foran certos .

todo morre de contado  
e non me saen estrofas definidas ...  
...  
... pero eu ...  
... ainda vexo o sol agromando  
transpasar as follas dos carballos  
nese raio de ardora verde-fluorescente  
aló... nun remoto monte do pasado .

“ Raggio verde “.

“ Si la virtud te falta , nada tienes ”.

\* Lupercio Leonardo de Argensola ( 1559 - 1613 ), poeta español .

---

silenco repentino das bagoas do ar agrisado : escampada  
nunha fria noite de invernía sobre  
aquei Oxiетra nacente e tristón do onte , hoxe aceso .

...  
bolboretas dos prados de Ednis  
crucificadas sobre unha axenda bella  
e unha rosa rosa murcha  
pousada sobor dunha minúscula impresora .

extranos poemarios na papeleira do portátil .  
lonxe xa os prados aqueles da ledicia  
onde galopábamos desatados coma lobos  
con facianas sorrintes  
por arrós de costas embrañadas  
na loucura , aquela  
de perseguir calquera cousa  
máis alá do ceo engaiolado .

lonxe xa ... de novos comezares  
no esquecemento do cuco e da curuxa  
alentan metas os meus versos  
- coma cantos imposíbel -  
e ainda siguen hoxe os nenos galoupando  
por duros arrós de fume , cemento e rañaceos  
- xordos , cegos i esquecidos -  
mentras versan estes días tan calados  
nesa sombra que alumia na nostalxia , na loucura lene  
.. de buscar calquera cousa !!!

“ Ironia-metafora “.

“ Los románticos son seres que mueren de deseos de vida “.  
Francisco Nieva ( n . 1927 ), dramaturgo español .

---

voa un miñato a rentes do ar calmo de Saudnac .

oscuridade negrísima afogando en  
pacto de lobos en presenzas silandeiras invisíbel .

lúa , mar i estrelas en misión secreta  
praneando endeusados  
poemas de luces e cor  
o carón da imborrabél Anabac  
en noite fecha nun esteiro .

...

sons inaudíbel  
facéndome cóxegas na faciana  
nesta ben amada Ariellet , fermosa e libertina ,  
en xardíns e sombras  
con ironías sublimes e perfectas .

e ti , acompañáchesme sempre con fonda presenza  
neste diluirme finito sobre

a fervenza das horas no mundo  
- nunha falta inmensa de cores -  
e verbos do inferno corporal .

- frio último incandescente -  
en ardora de dor magoante  
abrasándoo todo !!!!!

“ Giardino di morte “.

“ El ave canta , aunque la rama cruja , porque conoce lo que son sus alas “. \* José Santos Chocano ( 1875 - 1934 ) , poeta peruano .

---

Aùr Atsiuqnocer, Oxietra : ano dous mil oito .

...  
tres sotas de bastos  
camufladas nun tapete nú  
xogando co destiño das almas  
orfas  
finados os sentidos,  
morto no verso e na razón  
... por Ela .... e por Ti

....  
Mikaela lendo ontes e mañás  
xoga a baraxa co ceo  
na palabra núa  
do porque si  
inesquecível  
que sorri  
a Deus,  
a Ti,  
si !

" Dea Mikaela ! "

---

Tecnología, moda, motor, viajes,...suscríbete a nuestros boletines para estar siempre a la última  
Guapos y guapas, clips musicales y estrenos de cine.